C.I.F.: P – 1500200 – I

ACTA DE APERTURA E CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN DO SOBRE A DO PROCEDEMENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA DO SERVIZO DE TELECOMUNICACIÓNS DE VOZ (FIXA E MÓBIL), ACCESO A INTERNET DE BANDA ANCHA E TRANSMISIÓN E ALMACENAMIENTO DE DATOS DO CONCELLO DE AMES.

Na Casa Consistorial de Ames sendo as doce horas do día 26 de febreiro de 2018, reúnese a Mesa de Contratación designada para a tramitación da adxudicación do **PROCEDEMENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA DO SERVIZO DE TELECOMUNICACIÓNS DE VOZ (FIXA E MÓBIL), ACCESO A INTERNET DE BANDA ANCHA E TRANSMISIÓN E ALMACENAMIENTO DE DATOS DO CONCELLO DE AMES. .**

ASISTENTES:

Presidente:

José M. Miñones Conde, Alcalde do Concello de Ames e Responsable da Área de Reforma Administrativa.

Vogais:

Rosa Ana Prada Queipo, Secretaria municipal do Concello de Ames.

Margarita Fernández Sobrino, Interventora municipal do Concello de Ames.

Rogelio Pardo Martínez, Xefe do Servizo de Contratación do Concello de Ames

Secretaria:

M. Isabel Quintáns Rios, auxiliar administrativa do departamento de Contratación.

Constitúe o obxecto desta reunión proceder á cualificación da documentación xeral contida no sobre A denominado "Documentación Administrativa" presentada polos licitadores.

Consta no expediente certificación da secretaría xeral dos licitadores que presentaron solicitude para participar na adxudicación do contrato do "Servizo de Telecomunicacións de voz (fixa e móbil), acceso a internet de banda ancha e transmisión e almacenamento de datos do Concello de Ames"

A continuación procédese a apertura do devandito Sobre A denominado "Documentación Administrativa" resultando o seguinte:

Empresa	CIF	Anexo II	Declaración Acreditativa datos identificativos licitador	Anexo III	Anexo IV	Anexo V
TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U., actuando en UTE con **TELEFONICA MÓVILES ESPAÑA, S.A.U.**	A82018474	SI	SI	SI	**NON**	SI
VODAFONE ESPAÑA, S.A.U.	A80907397	SI	SI	SI	SI	SI

Tras comprobar a documentación presentada polas empresas licitadoras, cabe mencionar que a empresa Telefónica de España S.A.U., en UTE con Telefónica Móviles España S.A.U. non achega Declaración de porcentaxe de Subcontratación (Anexo IV) segundo a cláusula 17.1.4) do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

Despois do exame da documentación presentada polos licitadores, e conforme ao disposto no artigo 81.2 do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro, polo que se aproba o

Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas se a mesa observa defectos u omisións subsanables na documentación presentada o comunicará aos interesados para que no prazo de **tres días hábiles** aporten dita documentación, (cláusula 20.3.d) do PCAP).

En consecuencia e de acordo co disposto no parágrafo anterior a mesa por unanimidade dos seus membros acorda:

Primeiro.- Requirir á empresa Telefónica de España S.A.U. que actúa en UTE con Telefónica Móviles España S.A.U., para que no prazo de **tres días hábiles** aporte a Declaración de porcentaxe de subcontratación (Anexo IV) segundo a cláusula 17.1.4) do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

E non sendo outro o obxecto da reunión, o señor Presidente da por rematado o acto, sendo as doce horas e quince minutos do día de referencia, do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan os membros da mesa de contratación, e eu secretaria, certifico.